



Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL NCM	Documento AD1171004B	
Código de verificación  220P 506Z 462Z 451C 0NIG	Expediente AD1/2023/7	
	Fecha 04-04-2023	

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS REGULADOR DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NAS INMEDIACIÓN DAS PRAIAS, NOS PARQUES E NOUTRAS ZONAS DA CIDADE DURANTE A TEMPADA ESTIVAL (ANOS 2023, 2024, 2025 E PRORROGABLE A 2026)

1.- Obxecto do prego

O obxecto do presente prego de condicións administrativas é regular a convocatoria pública para o outorgamento de autorización de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrencia, para a venda ambulante de xeados, froitas, auga, refrescos e lambetadas nas inmediacións das praias, nos parques e noutras zonas da cidade durante a tempada estival (anos 2023, 2024, 2025 e prorrogable a 2026).

A regulación vén recollida, fundamentalmente, na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; no ámbito municipal, na Ordenanza fiscal nº 31, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica; así como no prego de condicións administrativas desta convocatoria.

2.- Descrición da actividade obxecto de autorización

Esta normativa será de aplicación á adxudicación e instalación dun total de **dezasete (17) postos de venda ambulante**, de acordo coa seguinte clasificación relativa ao postos tipo I, tipo II e tipo III:

a) 6 postos TIPO I, situados nas inmediacións do Paseo Marítimo, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como “ANEXO I”. En concreto, os seguintes postos:

- “Posto P1. Avenida Bos Aires – altura rúa Pondal”.
- “Posto P2. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Modesta Goicuría”.
- “Posto P3. Avenida Barrié de la Maza – altura ambulatorio San José”.
- “Posto P4. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Sol”.
- “Posto P5. Avenida Barrié de la Maza – altura fonte Surfistas”.
- “Posto P6. Avenida Barrié de la Maza – altura rúa Cantábrico”.

O postos TIPO I deberán consistir en carriños con rodas sen motor, con dimensións máximas do caixón de 2 m x 1,5 m x 1,5 m (sen incluír, no seu caso, a bicicleta ou soporte



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

correspondente), que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

En consecuencia, no Paseo Marítimo quedará prohibida a venda desde camiós ou vehículos tenda, estando admitidos os carriños bicicleta, incluída a bicicleta eléctrica. Tamén se admitirán elementos auxiliares como toldos ou antucas integrados, en todo caso, na estrutura do caixón.

a) 5 postos TIPO II, situados noutras zonas da cidade, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como “ANEXO II”. En concreto, os seguintes postos:

- “Posto H1. Entrada parque Monte de San Pedro”.
- “Posto H2. Palacio dos Deportes – Escravas.”.
- “Posto H3. Torre de Hércules”.
- “Posto H4. Acceso Club San Amaro”.
- “Posto H5. Castelo de San Antón”.

O postos TIPO II deberán consistir en vehículos tenda, camiós ou remolques, cunha dimensión máxima de 6,4 m x 2,5 m, que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

b) 6 postos TIPO III, situados nos parques da cidade, nos lugares indicados no plano que se achega aos pregos como “ANEXO III”. En concreto, os seguintes postos:

- “Posto J1. Parque de Santa Margarita”
- “Posto J2. Parque de Vioño (cruzamento cales Enciclopedia Francesa e Revolución Francesa)”.
- “Posto J3. Parque de Oza (rúa Marina Nieto Álvarez, altura camiño do Corgo)”.
- “Posto J4. Parque de Santo Diego (rúa Alberto García Ferreiro)”.
- “Posto J5. Novo Mesoiro (rúa Os Ancares)”.
- “Posto J6. Parque de Eirís (avenida de Lamadosa, altura campo de fútbol)”.

O postos TIPO III poderán consistir tanto en carriños con rodas sen motor como en vehículos tenda, camiós ou remolques, cunha dimensión máxima de 6,4 m x 2,5 m, que deberán permitir a súa retirada da vía pública ao finalizar a xornada diaria.

O Concelleiro Delegado da área de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, en uso das facultades atribuídas nas disposicións aplicables na materia, cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá alterar as localizacións inicialmente propostas.

3.- Produtos autorizados

Permítese exclusivamente a venda de xeados, froitas, auga, refrescos e lambetadas nos postos sinalados na cláusula anterior.



Con todo, o día en que se celebre a festa de San Xoán, os días en que se celebre o Festival Noroeste e o día en que se celebre a Batalla Naval, tamén se permitirá a venda de hamburguesas, bocadillos, patacas fritas e churros, respectando o horario sinalado na cláusula 4.^a e cumprindo previamente os requisitos adicionais esixidos na cláusula 6.^a, apartado cuarto, deste prego técnico.

4.- Período de ocupación e horario autorizado dos postos de venda

O período de ocupación dos postos autorizados será o seguinte:

1. Desde o 15 de maio (ou desde o día seguinte á comunicación do outorgamento da autorización se se produce con posterioridade ao 15 de maio) ata o 15 de outubro, ambos os incluídos, do ano 2023.
1. Desde o 15 de maio (ou desde o día seguinte á comunicación do outorgamento da autorización se se produce con posterioridade ao 15 de maio) ata o 15 de outubro, ambos os incluídos, do ano 2024.
2. Desde o 15 de maio (ou desde o día seguinte á comunicación do outorgamento da autorización se se produce con posterioridade ao 15 de maio) ata o 15 de outubro, ambos os incluídos, do ano 2025.
3. En caso de prórroga, desde o 15 de maio (ou desde o día seguinte á comunicación do outorgamento da autorización se se produce con posterioridade ao 15 de maio) ata o 15 de outubro, ambos os incluídos, do ano 2026.

Autorízase un horario que comezará ás 11.00 horas e terminará ás 21.00 horas, debendo retirar o posto da vía pública ao finalizar cada xornada.

Con todo, o horario autorizado estenderase e finalizará ás 01.00 horas a noite en que se celebre a Batalla Naval, e ás 03.00 horas a noite de San Xoán, e os días dos concertos do Festival Noroeste na praia de Riazor.

O Concelleiro Delegado da área de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, en uso das facultades atribuídas nas disposicións aplicables na materia, cando concorran circunstancias de interese público debidamente motivadas que o fagan aconsellable, poderá ampliar ou limitar tanto o período de ocupación como o horario autorizado no presente prego, axustándose ao disposto no prego administrativo e demais normativa de aplicación.

5.- Requisitos dos postos de venda

Os postos de venda ambulante respectarán o disposto nas regulacións técnico-sanitarias específicas e demais normativa reguladora aplicable. En todo caso, deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade, sen que polas súas características ou modo de instalación poidan supoñer un risco para usuarios, viandantes nin para os bens públicos ou privados.

Así mesmo, os postos de venda ambulante cumprirán os seguintes requisitos sanitarios e ambientais:



1. Manteranse limpos e en bo estado de conservación e estarán deseñados e construídos de forma que impidan o risco de contaminación.
1. A súa instalación permitirá a limpeza adecuada do equipo e da zona circundante.
2. As superficies que estean en contacto cos produtos alimenticios deberán estar en bo estado e ser fáciles de limpar e desinfectar, para o que os materiais deberán ser lisos, lavables, resistentes á corrosión e non tóxicos.
3. Deberá contarse con material adecuado para a limpeza e desinfección dos utensilios de traballo, realizándose de forma hixiénica e coa frecuencia necesaria para evitar calquera risco de contaminación.
4. Os produtos alimenticios deberán colocarse de modo que se evite o risco de contaminación.
5. Para garantir a preservación das árbores monumentais, prohibese facer fume e colocar fontes de calor na súa contorna inmediata.
6. Prohibese a alteración e utilización de ningún elemento vexetal para a súa suxeición.
7. Non se permite almacenar material ou instalar elementos sobre o céspede ou as raíces das árbores. Tampouco se permite verter augas residuais sobre estes mesmos elementos.
8. En xeral, prohibese a colocación sobre o céspede e os xardíns de elementos que poidan deteriorar a vexetación e/ou o sistema de rega enterrada. Así mesmo, prohibese tamén o desenvolvemento de calquera actividade que puidese ocasionar esta mesma deterioración.
9. A responsabilidade sobre a minimización da xeración de residuos e sobre o mantemento nas debidas condicións de limpeza do espazo ocupado e a súa contorna correspóndelle ao adxudicatario. Este deberá de poñer todos os medios para evitar manchas sobre o pavimento, restos de comida, graxa ou outros elementos residuais provenientes tanto da súa actividade como da circulación, montaxe e desmonte do posto.
10. O titular da autorización dispoñerá dos medios de protección necesarios para evitar que os residuos se esparexan fóra do sistema de contenerización disposto polo Concello.
11. O titular da autorización dispoñerá igualmente dos medios necesarios para reducir, reutilizar e reciclar os residuos xerados pola súa actividade, que serán depositados nos contedores municipais, debidamente segregados nas fraccións correspondentes.
12. Cada posto contará, no seu caso, cun depósito para os desperdicios dos clientes e panos de mesa á súa disposición.
13. Non se permitirá a reprodución de música nin o uso de aparellos de megafonía.
14. Non se admitirá publicidade distinta da do propio titular do posto nin nos postos nin, no seu caso, nos elementos auxiliares.
15. Non se poderá amorear ningún tipo de material ou produto en lugares que excedan do espazo propio autorizado para a instalación do posto.

6.- Persoas autorizadas, transmisión da autorización e requisitos esixidos

6.1. A autorización municipal será persoal e poderá transmitirse, previa comunicación ao Concello, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e cúmprase o disposto para a transmisión da autorización no prego de condicións administrativas.

A actividade exercerase persoalmente polo titular da autorización. Se por razón da actividade de que se trate, o titular houbese de estar asistido dalgunha outra persoa, só poderá selo polos seus familiares ou dependentes afiliados como asalariados seus na Seguridade Social.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Para estes efectos, consideraranse familiares, sempre que convivan co titular da autorización, o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive e, no seu caso, por adopción.

Por tanto, no posto unicamente poderá estar o titular da autorización asistido, no seu caso, polas persoas sinaladas, as cales unicamente poderán permanecer soas no posto para suplir ao interesado nos horarios de comida e/ou cando circunstancias sobrevindas, que en todo caso deberán ser xustificadas ante este Concello, así o impoñan.

En ningún caso consideraranse ausencia xustificada a que teña como causa a titularidade doutra licenza ou actividade laboral alternativa.

A autorización municipal poderá concederse tanto a persoas físicas como xurídicas, e poderá transmitirse a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no citado artigo 72.2, previa comunicación a este Concello. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

6.2. Cada solicitante non poderá presentar máis dunha oferta para un posto concreto. Prohíbense as prácticas cualificables como colutorias, consistentes en que unha mesma persoa presente unha solicitude a título individual e participando á vez en diferentes sociedades ou entidades sen personalidade xurídica, coa intención clara de controlar e monopolizar os postos obxecto do procedemento de outorgamento.

En tal caso, o Concello resérvase a facultade de excluír as solicitudes nas que se aprecie a súa existencia, previa audiencia aos solicitantes sospeitosos de tal conduta.

6.3. Cada solicitante poderá presentar unha oferta para cada posto no que estea interesado.

Só se concederá unha (1) autorización por persoa física e un máximo de tres (3) por persoa xurídica.

Cando o solicitante estea interesado en máis dun posto, terá que indicar na súa solicitude a súa orde de preferencia, de conformidade co MODELO DE OFERTA (oferta económica e, no seu caso, outros criterios de valoración) que figura no Anexo II do prego de condicións administrativas.

Como exemplo, se está interesado nos postos "H4" e á vez nos postos "J4" e "P1", terá que indicar a súa orde de preferencia na primeira columna, tal e como se reproduce na seguinte táboa, facendo a súa oferta económica na segunda das columnas (cifras indicadas a modo de exemplo).

	PREFERENCIA	OFERTA ECONÓMICA 2023 (€/anualidade)
POSTOS TIPO I:		
• Posto P1 (oferta económica mínima 634,50 €)	terceiro	850,00 €
• Posto P2 (oferta económica mínima 607,50 €)		
• Posto P3 (oferta económica mínima 607,50 €)		
• Posto P4 (oferta económica mínima 607,50 €)		
• Posto P5 (oferta económica mínima 607,50 €)		
• Posto P6 (oferta económica mínima 607,50 €)		



POSTOS TIPO II:		
• Posto H1 (oferta económica mínima 1.440,00 €)		
• Posto H2 (oferta económica mínima 2.256,00 €)		
• Posto H3 (oferta económica mínima 1.680,00 €)		
• Posto H4 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	primeiro	2.300,00 €
• Posto H5 (oferta económica mínima 2.160,00 €)		
POSTOS TIPO III:		
• Posto J1 (oferta económica mínima 1.920,00 €)		
• Posto J2 (oferta económica mínima 1.920,00 €)		
• Posto J3 (oferta económica mínima 2.160,00 €)		
• Posto J4 (oferta económica mínima 1.680,00 €)	segundo	1.800,00 €
• Posto J5 (oferta económica mínima 1.680,00 €)		
• Posto J6 (oferta económica mínima 1.920,00 €)		

O procedemento de adxudicación dos postos, así como os criterios de valoración das ofertas económicas serán os establecidos nas cláusulas 11.ª e 12.ª do prego administrativo, respectivamente.

A renuncia ao posto adxudicado supoñerá a exclusión das ofertas económicas que o solicitante presentase ao resto de postos, tal e como se establece no prego de condicións administrativas.

6.4. Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas (IAE) e estar ao corrente do pago da tarifa ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- a) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das cotizacións en tal réxime.
- b) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- c) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- d) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- e) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o NIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

- h) Dispoñer, no caso de que se realicen conexións eléctricas, dun certificado de instalación eléctrica expedido pola Consellería competente en materia de Industria, así como xustificante da súa presentación na distribuidora eléctrica e o pago efectuado na mesma.
- i) Dispoñer, no seu caso, de certificado de matriculación do vehículo co que se leve a cabo a prestación, así como certificado de características técnicas ou documentación que demostre se o tipo de vehículo é eléctrico ou híbrido.

Sen prexuízo dos requisitos sinalados, se os adxudicatarios optan pola venda de hamburguesas, bocadillos, patacas fritas e churros a noite de San Xoán, os días dos concertos do Festival Noroeste na praia de Riazor e a noite da celebración da Batalla Naval, de acordo co sinalado nas cláusulas 3.ª e 4.ª deste prego, **deberán acreditar con anterioridade ás citadas festividades o cumprimento dos seguintes requisitos:**

- Dispoñer, no caso de que se realicen conexións eléctricas, dun certificado de instalación eléctrica expedido pola Consellería competente en materia de Industria, así como xustificante da súa presentación na distribuidora eléctrica e o pago efectuado na mesma.
- Dispoñer, nos casos en que sexa preciso, certificado de resistencia ao lume ou de ignifugación, dos materiais susceptibles de combustión que formen parte do carriño-caseta para a venda de churros, así como acreditar a existencia dun extintor de kg de po polivalente de eficacia 21A-113B (achegando o certificado de revisión dos extintores).
- En relación ás churrarías ou postos portátiles ou vehículos de venda de produtos quentes, o solicitante, xunto coa solicitude, achegará:
 - a. En caso de utilizar un vehículo: certificado técnico do fabricante e permiso de circulación e ITV correspondente.
 - b. En caso de utilizar un remolque: certificado electrotécnico de baixa tensión (boletín). A instalación eléctrica do remolque deberá ser realizada por Instalador Autorizado. Non se permitirán instalacións alimentadas a gas. No suposto de non ser posible a conexión á Rede Eléctrica, o vehículo dispoñerá de grupo electrógeno.
 - c. Certificado de revisión de extintores (mínimo un extintor portátil de Po Polivalente 21A/144B).

6.- Responsabilidade das persoas autorizadas

Os titulares das autorizacións concedidas ao amparo deste procedemento deberán asumir a plena e exclusiva responsabilidade de cantos danos e prexuízos poidan causar ás persoas e aos bens de dominio público e/ou privado como consecuencia do desenvolvemento da actividade autorizada.

A Coruña, na data da firma dixital deste documento

Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal

Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior